



5.3.1.1 USO DO RECINTO EXTERIOR (Normas de circulación e aparcamento de vehículos)

- Non se poderá utilizar o aparcadoiro sen estar previamente autorizado/a.
- Para poder obter a autorización pertinente deberase presentar a principios de cada curso académico a solicitude correspondente ou facer a inscrición a través do formulario web, de estar habilitado. Os requisitos esixidos para poder obter a autorización serán os seguintes:
 - Pertencer á comunidade educativa deste Centro, xa sexa en condición de persoal (profesorado e P.A.S.) ou na condición de alumnado.
 - Acreditar a mobilidade reducida para poder usar as prazas habilitadas para iso.
- Non se poderá estacionar fóra da zona de estacionamento nin nas prazas reservadas á persoas usuarias con mobilidade reducida. Tampouco estará permitido estacionar nas prazas reservadas para VISITAS (dado que deben ser utilizadas por persoas alleas ao centro educativo, como por exemplo empresas, particulares que veñen facer trámites ás oficinas, pais que veñen a titorías...)
- Non se poderá ocupar parcial ou totalmente máis de 1 praza de aparcadoiro ou impedir a utilización de outras, nin tampouco zonas comúns de paso, zonas axardinadas ou de circulación de vehículos, así como outras zonas non habilitadas como prazas de aparcadoiro.
- As prazas serán destinadas únicamente ao estacionamento de vehículos lixeiros (coches, motos e furgonetas de Peso Máximo Autorizado inferior a 3.500 kgs.).
- Os peóns terán sempre prioridade sobre os vehículos en todo o recinto escolar.
- A presentación da solicitude e a autorización para o uso do aparcadoiro non garante a dispoñibilidade de prazas libres. Polo tanto, cando o aparcadoiro esté cheo, deberase estacionar fóra do centro.
- As persoas usuarias deberán necesariamente facilitar todas as matrículas dos vehículos que poden utilizar (aínda que sexa esporadicamente) o aparcadoiro do centro, tanto de automóviles como motocicletas.
- Deberán respetarse os sinais e as posibles indicacións do persoal do CIFP, conducindo a velocidade reducida (máxima de 20 km/h) e sen manobrar sobre zonas axardinadas ou habilitadas para peóns.
- Non se permitirán adiantamentos entre vehículos, agás cando se trate de sobrepasar a un vehículo detido e a situación da circulación o permita.
- Este CIFP resérvase o dereito a pechar temporalmente a zona de estacionamento por calquera causa, sen que haxa lugar a ningún tipo de reclamación.
- Os danos e prexuízos que poidan causar os vehículos nas instalacións e nos elementos patrimoniais deste Centro, noutros automóviles e incluso ás persoas, serán responsabilidade única e exclusivamente dos seus propietarios ou usuarios e das súas propietarias ou usuarias.
- Este CIFP non se fará responsable dos danos ou subtraccións causados en calquera vehículo estacionado dentro do recinto escolar. Tampouco asumirá a custodia do vehículo.
- Deberase comunicaras calquera incidencia que puidera afectar ao estacionamento como por exemplo: avarías que impliquen a entrada de guindastres, danos no mobiliario urbano ou elementos accesorios, danos noutros vehículos ou nas instalacións do centro, derrame de líquidos ou calquera tipo de residuos...



O alumnado deberá respetar todas estas normas e deberá ter en conta que o seu incumprimento faculta ao centro a adoptar medidas correctivas, incluso a poñer os feitos en coñecemento das autoridades competentes.

O sistema de recoñecemento do vehículo pode precisar que o automóbil se posicione correctamente para que o dispositivo implantado poida abrir a barreira de acceso.

Na entrada ao aparcadoiro deberá respetarse o sentido de circulación sinalizado horizontalmente na seguinte imaxe:



Na saída do aparcadoiro o automóbil debe posicionarse **lentamente** na área pintada de amarelo:



Calquera incidencia na entrada ou na saída debe comunicarse a través dos interfonos correspondentes.



5.3.1.2 PROCEDEMENTO CORRECTIVO (FALTAS E MEDIDAS CORRECTIVAS)

As medidas correctivas serán aplicadas a aquel alumnado que infrinja as normas sobre estacionamento e circulación de vehículos dentro do recinto escolar (independentemente do vehículo utilizado).

As faltas cometidas e as medidas correctivas impostas serán comunicadas ao titor ou á titora do grupo e tamén aos pais ou persoas que exercen a representación legal do alumnado menor de idade.

Consideraranse faltas leves:

- a) Estacionar na zona de aparcadoiro destinado ao persoal deste centro, tanto profesorado como persoal de administración e servizos.
- b) Estacionar en lugares non permitidos ou que non estean habilitados para tal finalidade, como por exemplo zonas axardinadas, zonas de circulación, zonas sinalizadas para outras finalidades ou zonas prohibidas en función da sinalización existente.
- c) Ocupar total ou parcialmente máis de unha praza por vehículo ou impedir a utilización de outras, obstaculizar zonas de circulación ou zonas comúns de paso.
- d) Utilizar a zona de estacionamento sen realizar en prazo os trámites que permiten solicitar a autorización correspondente (que se outorgará por vehículo e matrícula).
As solicitudes deberán ser presentadas polo alumnado a principios de curso e como moi tardar antes do 15 de outubro de cada ano.
As altas de novos vehículos e matrículas que se fagan posteriormente, deberán realizarse presentando previamente a solicitude antes da utilización do aparcadoiro.
- e) Non presentar a documentación requirida para o caso de persoas con mobilidade reducida.

A medida correctiva será o levantamento do correspondente apercibemento, que será comunicado ao titor ou titora do grupo.

Consideraranse faltas graves:

- a) Conducir ou actuar de forma temeraria, ben como conductor/a ou acompañante.
- b) Facilitar datos falsos na documentación que se presenta.
- c) Causar accidentalmente danos a calquera elemento ou instalación deste centro.
- d) Non comunicar os danos ocasionados ás instalacións deste centro ou a outros vehículos.
- e) Utilizar o estacionamento do centro cando se esté en período de cumprimento dunha medida correctiva que consista na prohibición de utilizar o aparcadoiro.
- f) Non respetar os límites de velocidade (20 km/h como máximo), as indicacións do persoal deste centro ou a sinalización.
- g) A acumulación de 2 faltas leves.

A medida correctiva será a prohibición de usar o aparcadoiro por un período máximo de 1 mes e a suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro de ata 3 días lectivos.

Consideraranse faltas moi graves:

- a) Provocar lesións a peóns por conducción temeraria ou negligencia.
- b) Conducir baixo os efectos de alcol, drogas ou doutras substancias prohibidas.
- c) Non posuir a documentación legalmente esixida para a conducción do vehículo.
- d) Causar de forma premeditada danos a calquera elemento propiedade deste centro ou a outros vehículos.
- e) A acumulación de 2 faltas graves.

A medida correctiva será a prohibición de usar o aparcadoiro por un período que pode oscilar entre os 3 meses e o resto do curso académico, ademais da suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período superior a 5 días lectivos.